



CAIXA RURAL GALEGA

ESTATUTOS

ÍNDICE

Capítulo I. Obxecto, duración, ámbito, responsabilidade e domicilio	5
Artigo 1. Denominación, réxime xurídico.....	5
Artigo 2. Personalidade xurídica.....	5
Artigo 3. Obxecto social	5
Artigo 4. Duración	7
Artigo 5. Ámbito de actuación	7
Artigo 6. Responsabilidade dos socios polas débedas sociais	7
Artigo 7. Domicilio social.....	7
Capítulo II. Dos socios.....	7
Artigo 8. Persoas que poden ser socias.....	7
Artigo 9. Procedemento de admisión	8
Artigo 10. Exercicio dos dereitos e obrigas dos novos socios.....	8
Artigo 11. Obrigas dos socios	8
Artigo 12. Dereitos dos socios.....	10
Artigo 13. Dereito de información	11
Artigo 14. Perda da condición de socio.....	12
Artigo 15. Baixa por inactividade	13
Artigo 16. Consecuencias económicas da baixa.....	13
Artigo 17. Faltas e sancións. Expulsión	14
Capítulo III. Réxime económico.....	18
Artigo 18. O capital social.....	18
Artigo 19. Novas achegas ao capital social	19

Artigo 20. Actualización das achegas	19
Artigo 21. Dereitos dos acredores persoais dos socios.....	19
Artigo 22. Disponibilidade das achegas sociais.....	19
Artigo 23. Redución do capital social	20
Artigo 24. Emisión de obrigas e outras fórmulas de financiamento.....	21
Artigo 25. Fondos sociais obrigatorios	21
Artigo 26. Fondo de Reserva Obrigatorio	21
Artigo 27. Fondo de Educación e Promoción.....	21
Artigo 28. Determinación e aplicación dos resultados	22
Artigo 29. Imputación de perdas.....	23
Artigo 30. Peche do exercicio.....	23
Artigo 31. Contas anuais	23
Artigo 32. Contabilidade	23
Capítulo IV. Representación e xestión da Caixa Rural	23
Artigo 33. Órganos sociais e dirección	23
Artigo 34. A Asemblea Xeral: natureza e composición	23
Artigo 35. Facultades da Asemblea.....	24
Artigo 36. Clases de Asemblea e convocatorias.....	25
Artigo 37. Convocatoria e funcionamento da Asemblea Xeral.....	26
Artigo 38. Dereito de voto.....	29
Artigo 39. Adopción de acordos.....	29
Artigo 40. Representación.....	30
Articulo 41. Actas das xuntas preparatorias e da Asemblea Xeral de delegados.....	30
Artigo 42. Impugnación de acordos da Asemblea Xeral	31
Artigo 43. O Consello Reitor. Natureza, competencia e representación.....	31

Artigo 44. Composición do Consello Reitor	31
Artigo 45. Forma de elección pola Asemblea Xeral	32
Artigo 46. Duración, cesamento e retribución de cargos no Consello Reitor.....	34
Artigo 47. Funcionamento do Consello Reitor	35
Artigo 48. Conflito de intereses	36
Artigo 49. A Comisión Executiva	37
Artigo 50. O presidente	38
Artigo 51. O vicepresidente.....	39
Artigo 52. O secretario	39
Artigo 53. Dirección Xeral, nomeamento e atribucións.....	40
Artigo 54. Incompatibilidades e prohibicións para o exercicio da Dirección Xeral	41
Artigo 55. Dos deberes da Dirección Xeral.....	41
Capítulo V. Documentación económico-social	41
Artigo 56. Libros corporativos e contables	41
Artigo 57. Auditoría externa.....	42
Capítulo VI. Disolución e liquidación da Caixa Rural. Extinción	42
Artigo 58. Disolución da Caixa.....	42
Artigo 59. Liquidación da Caixa	43
Artigo 60. Extinción	43



Capítulo I. Obxecto, duración, ámbito, responsabilidade e domicilio

Artigo 1. Denominación, réxime xurídico

Caixa Rural Galega, Sociedade Cooperativa de Crédito Limitada Galega, inscrita primeiramente no Rexistro de Cooperativas do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais co número 523/S^oMT e, na actualidade, no Rexistro Central de Cooperativas de Galicia co número 68-SCT, no Rexistro Mercantil de Lugo no tomo 117, folio 92, folla LU-1651 e no Rexistro do Banco de España co número 30 da sección C), adapta os seus estatutos sociais á Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia e demais normativa vixente aplicable ás cooperativas de crédito.

Rexerase polo disposto nestes estatutos e, no non previsto neles, pola Lei 13/1989, do 26 de maio, de cooperativas de crédito, polas súas normas de desenvolvemento e polas demais disposicións que, con carácter xeral, regulan a actividade das entidades de crédito. E, con carácter supletorio, aplicarase a Lei 5/1998 de cooperativas de Galicia.

Artigo 2. Personalidade xurídica

A Caixa Rural Galega ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar.

Artigo 3. Obxecto social

O obxecto social da entidade é atender as necesidades financeiras dos seus socios e de terceiros, mediante o exercicio das actividades propias das entidades de crédito. Para este fin poderá realizar toda clase de operacións activas, pasivas e de servizos que constitúen a actividade bancaria, así como a accesoria ou instrumental a esta, con especial vocación ao medio rural e con atención preferente ás necesidades financeiras dos seus socios, sempre con respecto aos límites legais para as operacións activas con terceiros.

Realizará, en especial, as seguintes actividades:

- a) Captación de fondos do público, empréstitos, cesión temporal de activos financeiros ou outras análogas que leven aparellada a obriga de restitución.
- b) Empréstito e crédito, o que inclúe crédito ao consumo, crédito hipotecario, crédito para a compra ou venda de valores e financiamento de transaccións comerciais.
- c) Xestión de cobramento de créditos e anticipo de fondos sobre estes (factoring, con ou sen recurso).
- d) Arrendamento financeiro (leasing).

- e) Pagamento, incluídos os servizos de pagamento e transferencia, entre outros.
- f) Emisión e xestión de medios de pagamento, tales como tarxetas de crédito, cheques de viaxe ou cartas de crédito.
- g) Concesión de fianzas, avais, garantías e subscrición de compromisos similares.
- h) Intermediación nos mercados interbancarios.
- i) Operacións por conta propia ou da clientela que teñan por obxecto valores negociables, instrumentos dos mercados monetarios ou de cambios, instrumentos financeiros a prazo, opcións e futuros financeiros e permutas financeiras.
- j) Participación nas emisións de valores e mediación por conta directa ou indirecta do emisor na súa colocación e aseguramento da subscrición de emisións.
- k) Asesoramento e prestación de servizos nas seguintes materias: estrutura de capital, estratexia empresarial, adquisicións, fusións e materias similares.
- l) Xestión de patrimonios e asesoramento aos seus titulares.
- m) Actuar, por conta dos seus titulares, como depositaria de valores representados en forma de títulos, ou como administradora de valores representados en anotacións en conta. Actuar como depositaria de institucións de investimento colectivo. Ser titular na Central de Anotacións e actuar como entidade xestora do mercado de débeda pública en anotacións en conta.
- n) Troco de billetes e moedas. Ter a condición de entidade rexistrada no Banco de España para a realización de operacións en moeda estranxeira derivadas das restantes actividades para as que estea autorizada.
- ñ) Realización de informes comerciais.
- o) Xestión, por conta do emisor, da subscrición e reembolso de participacións en fondos de investimento e negociación, por conta propia ou allea, da transmisión de participacións.
- p) Exercer as actividades principais e complementarias, autorizadas ás entidades de crédito, propias dunha empresa de servizos de investimento. Actuar como depositaria de fondos de pensións.
- q) Alugamento de caixas fortes.
- r) Mediación na distribución de seguros.

Así mesmo, poderá contraer vínculos societarios ou formar consorcios con outras

persoas físicas ou xurídicas e ser membro dos mercados organizados correspondentes, sempre que iso estea permitido polas súas normas reguladoras, co fin de facilitar e de garantir as actividades empresariais que desenvolva para a consecución do seu obxecto social.

Artigo 4. Duración

A duración da Caixa Rural Galega é por tempo indefinido.

Artigo 5. Ámbito de actuación

O ámbito territorial de actuación da Caixa Rural Galega esténdese a todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Sen prexuízo disto, poderá realizar operacións accesorias ou instrumentais, así como operacións de crédito sindicadas e as demais previstas legalmente fóra do mencionado ámbito.

A entidade poderá establecer sucursais ou oficinas e axencias en calquera parte do citado ámbito ou ben realizar as actividades integrantes do obxecto social en réxime de libre prestación de servizos. Igualmente, poderá abrir oficinas de representación fóra do ámbito definido no parágrafo anterior.

Na realización de operacións fóra do territorio español, a entidade quedará suxeita ao réxime previsto no título V da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito e á normativa do Estado estranxeiro no que desenvolva a súa actividade.

Artigo 6. Responsabilidade dos socios polas débedas sociais

A responsabilidade dos socios polas débedas sociais queda limitada ao valor das achegas que cada un subscribise. En caso de baixa, unha vez aboada a liquidación correspondente, quedará extinguida toda responsabilidade.

Artigo 7. Domicilio social

O domicilio social establécese en Lugo, na avenida de Montero Ríos 24-26, aínda que pode trasladarse a outro lugar dentro do mesmo termo municipal por acordo do Consello Reitor.

Capítulo II. Dos socios

Artigo 8. Persoas que poden ser socias

Pode ser socia desta Caixa Rural calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, nacional ou estranxeira, e as comunidades de bens, cos límites e requisitos establecidos nestes estatutos e na lexislación vixente.

Artigo 9. Procedemento de admisión

Para ingresar como socio nesta Caixa Rural, precisarase a solicitude por escrito da persoa ou entidade interesada, coa xustificación documental que acredite o cumprimento dos requisitos obxectivos esixidos para o efecto. As persoas xurídicas achegarán as contas anuais e os datos económico-financeiros máis relevantes dos seus dous últimos exercicios, os informes de auditoría, se os houberse, as participacións no seu capital con porcentaxes superiores ao 5 % e a composición dos seus órganos de administración.

En todo caso, para adquirir a devandita condición, será necesario subscribir a achega mínima establecida que se desembolsará na contía estatutariamente fixada.

As decisións sobre admisión de socios correspóndenlle ao Consello Reitor que, nun prazo non superior a dous meses, computables dende o recibo da solicitude, decidirá e comunicarlle por escrito ao solicitante o correspondente acordo, que deberá ser motivado. Unha vez transcorrido o prazo sen que se adopte unha decisión, entenderase desestimada. En caso de admisión, deberá darse a publicidade oportuna para o seu coñecemento xeral polo resto dos socios, por medio da publicación nos taboleiros de anuncios das principais oficinas.

O acordo do Consello Reitor desfavorable á admisión, que terá que ser motivado, poderá ser impugnado polo solicitante, ao igual que a desestimación presunta, ante a Asemblea Xeral, no prazo dun mes dende a notificación ou da finalización do prazo que o órgano ten para resolver. Tamén poderá ser impugnado, ante a Asemblea Xeral, o acordo de admisión por un número de socios non inferior ao 5 %, no prazo de dez días.

Os recursos a que se refire o parágrafo anterior resolveranse na primeira Asemblea Xeral que se celebre, mediante votación secreta e logo da audiencia do interesado.

O acordo que se adopte poderá ser impugnado ante a xurisdición ordinaria.

Artigo 10. Exercicio dos dereitos e obrigas dos novos socios

Os dereitos e as obrigas do socio admitido comezan a producir efecto ao día seguinte da firmeza dos acordos do Consello Reitor, dunha comisión facultada para o efecto ou, se é o caso, da Asemblea Xeral, sempre que o socio cumpra as subscricións, os desembolsos, as cotas e as garantías a que estea obrigado conforme a estes estatutos, aos acordos validamente adoptados e á normativa en vigor.

Artigo 11. Obrigas dos socios

Os socios estarán obrigados a:

1. Asistir ás reunións da Asemblea Xeral e dos demais órganos para os que fosen convocados.
2. Cumprir os acordos validamente adoptados polos órganos sociais, sen prexuízo do previsto no número 3.a) do artigo 20 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia.
3. Participar nas actividades e nos servizos cooperativos derivados do obxecto social, ao final do cal se fixa como módulo de participación mínima abrir e manter unha conta en calquera das modalidades permitidas na lexislación vixente. Na conta ha de manterse un saldo medio anual que non poderá ser inferior a 60,11 euros, salvo liberación temporal da dita obriga polo órgano de administración, para o que ha de concorrer unha causa xustificada e petición do interesado.
4. Gardar segredo sobre aqueles asuntos e datos desta Caixa Rural cuxa divulgación poida prexudicar os intereses sociais.
5. Non realizar actividades competitivas para os fins propios desta Caixa Rural, salvo as que sexan específicas da súa actividade empresarial ou obteñan para iso autorización do Consello Reitor, que lle dará conta á primeira Asemblea Xeral que se celebre.
6. Aceptar os cargos para os que fosen elixidos, agás que exista unha causa xusta de escusa.
7. Efectuar o desembolso das súas achegas ao capital social na forma e nos prazos previstos, facer efectivas as responsabilidades e as garantías que estean previstas ou acordadas validamente e, en xeral, cumprir con puntualidade as obrigas e as responsabilidades económicas que lle sexan esixibles conforme a estes estatutos ou aos acordos validamente adoptados polos órganos sociais competentes e, de ser o caso, acreditar fidedignamente os acordos que deban adoptar para a plena efectividade das devanditas obrigas e responsabilidades.
8. Non se facer valer da condición de socio para desenvolver actividades especulativas ou contrarias ás leis.
9. Comportarse coa debida consideración nas súas relacións cos demais socios e especialmente cos que, en cada momento, ocupen cargos reitores ou de representación.
10. Non se manifestar publicamente en termos que impliquen un deliberado desprestixio social da Caixa Rural ou do cooperativismo.
11. Remitirlles ás persoas xurídicas-socios a través dos seus representantes legais ou voluntarios, dentro do mes seguinte á súa aprobación, o balance, a memoria e a

conta de resultados, así como a certificación nese momento do número dos seus socios e compoñentes do órgano reitor.

12. Permanecer na Caixa Rural, con carácter obrigatorio, durante un período mínimo de cinco anos.

13. Cumprir cos demais deberes que resulten de preceptos legais, destes estatutos e dos acordos validamente adoptados polos órganos sociais.

Artigo 12. Dereitos dos socios

1. O socio terá dereito a:

- a) Ser elector e elixible para os cargos dos órganos sociais.
- b) Formular propostas e participar con voz e voto na adopción de acordos nas reunións dos órganos sociais dos que sexa membro.
- c) Recibir a información necesaria para o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas, nos termos establecidos no artigo seguinte.
- d) Participar na actividade empresarial que desenvolve a Caixa Rural para o cumprimento do seu fin social.
- e) Percibir os xuros correspondentes ás súas achegas ao capital social, satisfeitos conforme ao establecido nestes estatutos.
- f) Participar no excedente do exercicio que se acorde repartir en forma de retorno cooperativo.
- g) Actualizar o valor das súas achegas nas condicións previstas na lei e nestes estatutos.
- h) A liquidación das súas achegas ao capital social nos supostos de baixa, calquera que sexa a súa causa e carácter, e cando a Caixa Rural sexa obxecto de liquidación, todo iso dentro dos límites e cos requisitos sinalados na lexislación vixente e nestes estatutos.
- i) Os demais que resulten das normas legais e destes estatutos.

2. Os dereitos serán exercitados de conformidade coas normas legais e estatutarias e cos acordos validamente adoptados polos órganos sociais desta Caixa Rural, sen máis restricións que as derivadas dun procedemento sancionador ou de medidas preventivas estatutarias.

Artigo 13. Dereito de información

1. A Caixa Rural facilitaralles a todos os seus membros unha información áxil e indiscriminada.
2. Serán medios para garantir a información dos socios os seguintes:
 - a) Recibir un exemplar dos estatutos e, se é o caso, do Regulamento de réxime interior.
 - b) Ter acceso, no domicilio social, ao Libro de rexistro de socios, ao Libro de achegas ao capital social, así como ao Libro de actas da Asemblea Xeral e, se o socio o solicita, o Consello Reitor proporcionaralle unha copia certificada dos acordos adoptados nas asembleas xerais.
 - c) Recibir, se o solicita, do órgano de administración unha copia certificada dos acordos do devandito órgano que lle afecten persoalmente, así como obter, nos termos sinalados pola lexislación vixente, o estado da súa situación económica en relación coa Caixa Rural.
 - d) Consultar, no domicilio social da Caixa Rural, durante o prazo da convocatoria, as contas anuais, a proposta de distribución dos resultados e o informe da auditoría externa cando a Asemblea Xeral teña que deliberar sobre as contas do exercicio económico.
Durante o devandito prazo, calquera socio poderá solicitar, por escrito e polo menos con cinco días de antelación á data da Asemblea, calquera aclaración sobre tales documentos, que haberá de ser contestada durante a súa celebración.
 - e) Solicitar por escrito e recibir información sobre a marcha da Caixa Rural nos termos previstos nos estatutos e, en particular, sobre o que afecte os seus dereitos económicos ou sociais conforme á lexislación vixente.
 - f) En todo momento, a solicitude por escrito do dez por cento dos socios, ou de cen socios se a entidade alcanza máis de mil, o Consello Reitor facilitará, tamén por escrito e no prazo non superior a un mes, a información que se solicite.
 - g) Sen prexuízo do establecido nas letras anteriores, cando a Asemblea Xeral conforme á orde do día haxa de deliberar e tomar acordo sobre as contas do exercicio económico, poranse de manifesto no domicilio social e nas principais oficinas en atención ao volume de negocio, dende o día da publicación da convocatoria ata o de celebración da Asemblea, os documentos previstos no parágrafo primeiro do artigo 31 destes estatutos, así como o informe de auditoría externa.

3. O Consello Reitor poderá negar a información solicitada nas letras d), e) e f) do punto 2, cando proporcionala poña en grave perigo os lexítimos intereses da Caixa Rural, ou cando a petición constituía unha obstrución reiterada ou un abuso manifesto por parte dos socios solicitantes. Nese caso, estarase ao establecido no artigo 23-3 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia. Tamén poderá negar a devandita información cando esta poida atentarse contra a obriga de segredo bancario da entidade. En especial, coidará de non desvelar feitos ou datos cuxa divulgación supoña unha vulneración dos dereitos á honra, á intimidade persoal e familiar ou á propia imaxe.

Artigo 14. Perda da condición de socio

1. Os socios causarán baixa, logo de acordo do Consello Reitor, por algunha de seguintes causas:

- a) Por propia iniciativa
- b) Por baixa obrigatoria
- c) Por expulsión

2. Calquera socio pode darse de baixa voluntariamente na Caixa Rural, en todo momento, mediante un aviso previo por escrito ao Consello Reitor, que deberá enviarse con tres meses de antelación á data en que haxa de producir efecto. Non cumprir co mencionado prazo de aviso previo dará lugar á correspondente indemnización de danos e perdas.

3. No caso de que se produza unha baixa non xustificada por incumprir o período de permanencia sinalado no número 12 do artigo 11 destes estatutos, o Consello Reitor poderá acordar, como máximo, a dedución dun 20 % sobre o importe resultante da liquidación das achegas. A regra anterior non será de aplicación no caso de que se produza unha baixa anticipada por motivos xustificadas.

4. A baixa considerarase xustificada:

a) Cando sexa consecuencia da perda por parte do socio dos requisitos esixidos para selo, salvo que a devandita perda responda a un deliberado propósito de eludir as súas obrigas ante a Caixa Rural ou de beneficiarse indebidamente coa súa baixa.

b) Cando o socio exprese a súa desconformidade con calquera acordo da Asemblea Xeral que implique a asunción de obrigas ou cargas gravemente onerosas non previstas nos presentes estatutos ou establecidas pola lexislación aplicable en cada momento. Será condición necesaria que o socio salve o seu voto na Asemblea, se estivo presente e, en todo caso, que dirixa un escrito ao Consello Reitor dentro dos dous meses seguintes a aquel en que se adoptase o acordo.

5. As cuestións que, reguladas neste artigo, se formulen entre o Consello Reitor e o



socio sobre a cualificación e os efectos da baixa, son recorribles, nos termos previstos no artigo 9, parágrafo terceiro e seguintes destes estatutos e impugnables ante a xurisdición ordinaria.

Artigo 15. Baixa por inactividade

O incumprimento por parte do socio da obriga prevista no punto 3 do artigo 11 destes estatutos dará lugar á incoación do expediente disciplinario previsto nestes, sen prexuízo de calquera outra responsabilidade que poida derivarse conforme á lexislación civil.

Artigo 16. Consecuencias económicas da baixa

1. En todos os casos de perda da condición de socio, este está facultado para esixir o reembolso da súa achega social, cuxo valor será estimado sobre a base do balance que aprobe a Asemblea seguinte á data da súa baixa definitiva. O reembolso atenderase dentro dos límites e cos requisitos sinalados na lexislación vixente e nestes estatutos, consonte as seguintes normas:

a) Do valor acreditado das achegas deduciranse as perdas imputadas e imputables ao socio, reflectidas no balance de peche do exercicio no que se produza a baixa, tanto se corresponden ao devandito exercicio como se proveñen doutros anteriores e están sen compensar.

b) O Consello Reitor, no prazo de tres meses dende a data da aprobación das contas do exercicio no que causase baixa o socio, efectuará o cálculo do importe que se ha retornar das súas achegas ao capital social, que lle deberá ser comunicado. O socio que estea desconforme co acordo do Consello Reitor sobre a cualificación e os efectos económicos da súa baixa poderá impugnalos nos termos previstos no artigo 25.3 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia.

c) En caso de que se produza unha baixa non xustificada por incumprir o período de permanencia mínimo fixado no artigo 11 destes estatutos, deducirase o 20 % sobre o valor das achegas, unha vez efectuados os axustes sinalados no punto anterior. Se a baixa fose por expulsión, a dedución será do 30 %.

d) O prazo de reembolso non excederá de cinco anos en caso de expulsión ou baixa non xustificada do socio, de tres anos en caso de baixa xustificada e dun ano en caso de defunción, computable dende a data do peche do exercicio en que o socio causou baixa. O reembolso das achegas consideradas no artigo 58.1.b) da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia farase nos prazos establecidos, computable dende a data do acordo de reembolso.

e) As cantidades pendentes de reembolso non serán susceptibles de actualización, pero darán dereito a percibir o xuro legal do diñeiro, incrementado a partir do segundo ano en dous puntos e de xeito acumulativo.



2. Non procederá o reembolso das achegas cando con iso se produza unha insuficiente cobertura do capital social, das reservas, do coeficiente de solvencia, ou de calquera outro que sexa de aplicación ou se estableza no futuro, ou cando o devandito reembolso sexa contrario aos requisitos sinalados na lexislación vixente e nos presentes estatutos.

Artigo 17. Faltas e sancións. Expulsión

1. Faltas:

As faltas cometidas polos socios, ou polos seus representantes ou órganos sociais, de acordo coa súa importancia, transcendencia e malicia, clasificaranse como moi graves, graves e leves.

A) Son faltas moi graves:

a) As accións ou as omisións dos socios con relación á Caixa Rural que sexan constitutivas dun ilícito penal.

b) As operacións de competencia, a fraude ás achegas ao capital e a fraude ou a ocultación de datos relevantes respecto das prestacións e actividades a que estea obrigado o socio, así como a manifesta desconsideración aos reitores e representantes da entidade que prexudique os intereses materiais ou o prestixio social desta.

c) A non participación nas actividades económicas da Caixa Rural a que obriga o artigo 11-3 destes estatutos.

d) A revelación de segredos da entidade que prexudiquen gravemente os intereses desta, e en especial o quebrantamento da obriga de gardar segredo sobre as deliberacións e os acordos do Consello Reitor.

e) A usurpación de funcións do Consello Reitor, da Dirección, ou de calquera dos seus membros, así como dos apoderados da entidade.

f) O incumprimento das obrigas económicas, de calquera natureza, coa Caixa Rural, e desatender durante máis de trinta días hábiles o requirimento realizado pola entidade. Terá sempre carácter de falta moi grave a falta de subscrición e/ou desembolso das achegas no prazo de dous meses dende que sexa requirido, en cuxo caso se aplicará o disposto no artigo 59-5 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia.

g) Non asistir inxustificadamente ás asembleas xerais debidamente convocadas, de maneira reincidente. Esta última circunstancia concorrerá cando o socio non asista a máis de dous terzos das asembleas convocadas nos últimos tres

exercicios.

h) Facerse valer da condición de socio para desenvolver actividades especulativas ou contrarias ás leis.

i) Exercitar de forma abusiva ou antisocial calquera dos dereitos que como socio lle correspondan, ben pola existencia de circunstancias obxectivas que demostren deslealdade cooperativa ou mala fe do socio, ben por supoñer unha reiterada ou infundada e manifesta obstrución para o funcionamento dos órganos sociais ou para a xestión empresarial da entidade.

j) Transmitir e/ou aceptar a transmisión de achegas ao capital social, sen observar os requisitos establecidos na lexislación vixente e nestes estatutos.

k) Incurrir en falta grave e será sancionado por un ano pola comisión de dúas ou máis faltas graves.

B) Son faltas graves:

a) Non asistir inxustificadamente á metade das asembleas xerais, debidamente convocadas, en tres exercicios consecutivos.

b) A desconsideración aos demais socios, ás cooperativas-socio, aos seus representantes ou aos empregados da Caixa Rural nas reunións dos órganos sociais ou na realización de traballos, actividades ou operacións precisas para o desenvolvemento do obxecto social.

c) Non aceptar ou dimitir, sen que exista unha causa xusta, a criterio do Consello Reitor ou da Asemblea, se é o caso, dos cargos ou funcións para os que fose elixido o socio.

d) Non cumprir as obrigas económicas, de calquera natureza, coa Caixa Rural, e desatender durante máis de quince días hábiles o requirimento realizado pola entidade, sen prexuízo de aplicar, en todo caso, o previsto no artigo 59-5 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia.

e) Propagar entre os socios ou entre os empregados da Caixa Rural, ou fóra desta, rumores ou noticias que, sen que constitúan unha transgresión do deber de gardar segredo, prexudiquen o bo nome da entidade, dos seus dirixentes, dos seus socios ou empregados, ou que danen o desenvolvemento de operacións, negocios ou contratos cuxa realización estea prevista, en fase de tratos preliminares ou en curso de execución.

f) Ser responsable de calquera acción ou omisión que, sen estar tipificada como falta moi grave, nin nos puntos anteriores, supoña unha transgresión de normas imperativas ou prohibitivas da lexislación cooperativa, directamente

relacionadas cos dereitos e coas obrigas dos socios cooperadores, ou coas competencias dos órganos sociais ou da Dirección.

g) A reiteración ou a reincidencia na comisión de faltas leves polas que fose sancionado o socio no prazo dos tres últimos anos.

C) Son faltas leves:

a) A primeira falta de asistencia non xustificada ás reunións da Asemblea Xeral ás que fose convocado o socio en forma debida.

b) Non asistir inxustificadamente á Asemblea de delegados en caso de que o socio ocupe algún cargo nela.

c) A primeira falta de consideración ou respecto, non cualificable como falta moi grave ou grave, ante outro socio ou os seus representantes en actos sociais e que motivase a queixa do ofendido ante o Consello Reitor.

d) Non observar, por dúas veces como máximo dentro dun semestre, as instrucións ditadas polos órganos competentes para a boa orde e o desenvolvemento das operacións e actividades da Caixa Rural, e sempre que tal inobservancia non supoña outra falta de maior gravidade.

e) Cantas infraccións se cometan por vez primeira respecto a estes estatutos e que non estean previstas nos puntos A) ou B) anteriores ou que se establezan, se é o caso, no Regulamento de réxime interior ou pola Asemblea Xeral.

2. Sancións:

A) Por faltas moi graves: multa comprendida entre o dobre da contía prevista para a falta leve e o seu triplo. Expulsión ou suspensión de todos ou algúns dos dereitos seguintes: voto nas asembleas xerais ou xuntas preparatorias, se é o caso, ser elector e elixible para os cargos sociais e utilizar os servizos da Caixa Rural. As sancións anteriores poderán ser impostas pola entidade con carácter acumulativo en función da falta moi grave cometida.

B) Por faltas graves: multa comprendida entre a contía inmediata superior para sancionar as faltas leves e o dobre da contía fixada para as faltas leves. Amoestación pública en reunións sociais, a suspensión de todos ou algún dos dereitos sinalados no punto A) anterior cando a falta estea comprendida no punto d) das faltas graves. As sancións anteriores poderán ser impostas pola entidade con carácter acumulativo en función da falta grave cometida.

A sanción suspensiva de dereitos por faltas moi graves e graves só se poderá impoñer pola comisión daquelas faltas que consistan precisamente en que o socio incumpra as súas obrigas económicas, de toda natureza, ou que non participe nas



actividades e servizos cooperativos nos termos previstos no artigo 11.3 destes estatutos. En todo caso, os efectos da suspensión cesarán tan pronto como o socio normalice a súa situación coa Caixa Rural.

C) Por faltas leves: multa cuxa contía non exceda os 150 €. Amoestación verbal ou por escrito, en privado. As sancións anteriores poderán ser impostas pola entidade con carácter acumulativo en atención á falta leve cometida.

3. Órganos sociais competentes e procedemento

As faltas serán sancionadas polo Consello Reitor de resultas dun expediente instruído para este efecto ben de oficio, ben a petición de calquera outro socio ou do propio afectado e con audiencia do interesado. Para tal fin, notificaránselle os correspondentes cargos para que no prazo máximo de dez días hábiles poida efectuar as alegacións por escrito que considere oportunas.

Antes de que transcorran tres meses, contados dende que se ordenou incoar o expediente, o Consello Reitor adoptará a resolución que proceda e notificaralla ao interesado; se non o fixese, o expediente entenderase sobresido.

Contra o acordo que impoña a sanción por falta leve, grave ou moi grave, o interesado poderá recorrer no prazo de trinta días ante a Asemblea Xeral. No suposto de expulsión, este acordo non terá carácter executivo ata que a Asemblea resolva nos termos que fixa o artigo 25 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, ou ata que transcorra o prazo para recorrer sen que o interesado o faga.

Cando se impoñan sancións distintas da expulsión, os acordos terán carácter inmediatamente executivo.

Os acordos firmes polos que se impoñan sancións poderán ser impugnados polos socios no prazo de dous meses dende a súa non admisión ou notificación ante a xurisdición ordinaria, na forma establecida no artigo 40 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia.

4. Graduación das sancións

As sancións aplicables en cada caso pola comisión de infraccións moi graves, graves ou leves determinaranse con base nos seguintes criterios:

a) A natureza e a entidade da infracción.

b) A gravidade do perigo ocasionado ou do prexuízo causado á entidade.

c) As ganancias obtidas, se é o caso, como consecuencia dos actos ou das omisións constitutivos da infracción.

d) As consecuencias desfavorables dos feitos para a entidade.

e) A circunstancia de proceder á emenda da infracción por propia iniciativa.

5. Prescrición das infraccións

As infraccións cometidas polos socios prescribirán se son leves ao mes, se son graves aos dous meses e, se son moi graves, aos tres meses. Os prazos empezarán a computarse a partir da data na que o órgano de Administración teña coñecemento dos feitos. O prazo interrómtese ao incoarse o procedemento sancionador e corre de novo se no prazo de tres meses non se dita e notifica a resolución. Todo iso sen prexuízo da prescrición xeral dos doce meses, computables dende que os feitos se cometesen.

Capítulo III. Réxime económico

Artigo 18. O capital social

1. O capital social constituído polas achegas dos socios ten carácter variable e fíxase nun mínimo dun millón cincocentos dous mil cincocentos trinta euros con vinte e sete céntimos (1.502.530,27 €). O devandito capital atópase integramente subscrito e desembolsado.

2. Todos os socios deberán subscribir e desembolsar a totalidade de, polo menos, un título de achega, momento en que adquiriran a condición de socio. Non obstante, cando o socio sexa unha persoa xurídica, a súa achega será de dous títulos.

3. O importe total das achegas que, directa ou indirectamente, posúa ou controle cada socio non poderá exceder o 20 % do capital social, cando se trate dunha persoa xurídica, nin do 2,5 % se se trata dunha persoa física.

En ningún caso, o conxunto das achegas posuídas por persoas xurídicas que carezan da condición de sociedade cooperativa poderá representar unha contía superior ao 50 % do capital social.

4. A adquisición de achegas por enriba dos límites sinalados determinará a suspensión dos dereitos políticos do socio con participación excesiva.

5. Todos os títulos de achega serán nominativos, de duración indefinida, e terán un valor nominal de sesenta euros con once céntimos (60,11 €), aínda que poderán emitirse títulos múltiples, a súa duración será indefinida e a súa retribución quedará condicionada á existencia de resultados netos positivos ou, logo da autorización por parte do Banco de España, de reservas de libre disposición suficientes para

satisfacela. O desembolso das achegas será, en todo caso, en efectivo.

A retribución das achegas non poderá exceder do xuro legal do diñeiro en máis de tres puntos.

6. O reembolso das achegas quedará suxeito ás condicións esixidas polo punto 4 do artigo 7 da Lei 13/1989 de cooperativas de crédito e ao disposto nos artigos 13 e 14 do seu regulamento.

Conforme ao disposto no artigo 10-2 do Real decreto 84/1993, polo que se aproba o Regulamento de cooperativas de crédito, quedarán condicionados ao acordo favorable do Consello Reitor, aos reembolsos de achegas cando, como consecuencia destes, a cifra de capital social diminúa por debaixo do 95 % do capital social ao peche do exercicio anterior.

Artigo 19. Novas achegas ao capital social

A Asemblea Xeral, logo da autorización do Banco de España, poderá acordar a ampliación do capital con cargo a reservas voluntarias, de acordo cos límites e co procedemento establecidos na lexislación aplicable ás cooperativas de crédito.

A Asemblea Xeral poderá acordar a emisión de novas achegas ao capital social, que han realizar os socios, fixando as súas condicións, se ben a retribución que se estableza non poderá ser distinta á do resto das achegas en circulación.

Artigo 20. Actualización das achegas

A actualización das achegas só se poderá realizar ao amparo das normas sobre regularización de balances, sen prexuízo do establecido polas normas reguladoras das cooperativas de crédito sobre o destino da plusvalía resultante da actualización.

Artigo 21. Dereitos dos acredores persoais dos socios

Os acredores persoais dos socios non terán dereito ningún sobre os bens da Caixa Rural nin sobre as achegas dos socios ao capital social, que son inembargables. Iso sen menoscabo dos dereitos que poida exercer o acredor sobre os reembolsos, xuros e retornos satisfeitos ao socio.

Artigo 22. Dispoñibilidade das achegas sociais

1. A transmisión de achegas deberá ser comunicada previamente por escrito ao Consello Reitor, que disporá dun prazo de trinta días hábiles dende a súa recepción para comprobar o cumprimento dos límites legais e estatutarios no cesionario e no grupo ao que, se é o caso, pertenza este. Unha vez que transcorra o mencionado prazo sen que o Consello Reitor se pronuncie expresamente ao respecto, presumirase que a cesión cumpre os requisitos sinalados.

2. As achegas serán transmisibles inter vivos unicamente a outros socios e aos que adquiren tal condición dentro dos tres meses seguintes á operación que, neste suposto, queda condicionada ao devandito requisito.

3. A adquisición pola Caixa Rural das súas propias achegas ou a súa aceptación en garantía ou outra forma de garantía realizarase de conformidade co establecido nas normas reguladoras das entidades de crédito.

4. Tamén poderán transmitirse as achegas por sucesión mortis causa, na forma prevista na lexislación vixente.

Artigo 23. Redución do capital social

1. A redución da contía do capital social mínimo fixado no artigo 18 precisará do acordo previo da Asemblea Xeral, no que se determinará a cifra, finalidade e procedemento polo que se levará a cabo, o prazo de execución e, se é o caso, o reembolso ao socio. O acordo publicarase en dous xornais de circulación na provincia do domicilio social e no Boletín do Rexistro Mercantil.

Salvo no suposto descrito no parágrafo anterior, para a devolución total ou parcial das achegas aos socios será suficiente o acordo do Consello Reitor adoptado mediante votación secreta, logo da inclusión na orde do día, coa debida claridade, e por maioría non inferior a dous terzos do total dos conselleiros.

2. No suposto de que, por cobertura de perdas ou amortización de achegas, o capital social da cooperativa quedase, durante un período superior a un ano, por debaixo da cifra do capital social mínimo obrigatorio, aquela deberá disolverse a menos que o devandito capital se reintegre na medida suficiente, e dentro do prazo e das condicións que, logo da solicitude da cooperativa, poida establecer o Banco de España.

3. A redución do capital social que teña por obxecto condonar desembolsos pendentes, constituír ou incrementar as reservas ou devolver parcialmente achegas sempre que a parte restante supere o mínimo esixible a cada socio, segundo a súa respectiva natureza xurídica, requirirá autorización oficial, logo do acordo de Asemblea Xeral adoptado cos requisitos esixidos para modificar os estatutos, salvo que a redución non supoña unha modificación estatutaria. Neste suposto, será suficiente co acordo do Consello Reitor adoptado mediante votación secreta, logo da inclusión na orde de día, coa debida claridade, e por maioría non inferior a dous terzos do total dos conselleiros.

4. Non poderá acordarse ningunha restitución das achegas sociais, mesmo aos habentes dereito dos socios, cando o seu reintegro produza unha cobertura insuficiente do capital social obrigatorio, das reservas, do coeficiente de solvencia, ou de calquera outro que sexa de aplicación ou que se estableza no futuro.

Artigo 24. Emisión de obrigas e outras fórmulas de financiamento

1. Logo do acordo da Asemblea Xeral, poderanse emitir obrigas cuxo réxime de emisión se axustará ao disposto na lexislación vixente e deberán practicarse as oportunas inscricións no Rexistro Mercantil e no Rexistro de Cooperativas correspondentes.

2. Será tamén necesario o acordo da Asemblea Xeral para a admisión doutras formas de financiamento non incorporadas ao capital social, baixo calquera modalidade xurídica, que se rexerá polas condicións fixadas no acordo indicado.

Artigo 25. Fondos sociais obrigatorios

A Caixa Rural obrígase a constituír o Fondo de Reserva Obrigatorio e o Fondo de Educación e Promoción, así como calquera outra reserva que lle poida ser esixible pola lexislación especificamente aplicable.

Artigo 26. Fondo de Reserva Obrigatorio

O Fondo de Reserva Obrigatorio, de carácter irrepatriable e destinado á consolidación, desenvolvemento e garantía da Caixa Rural Galega, estará dotado co 80 % polo menos dos excedentes dispoñibles de cada exercicio e coas demais cantidades que, preceptivamente, deban destinarse a este.

Artigo 27. Fondo de Educación e Promoción

1. O Fondo de Educación e Promoción destinarase a actividades que cumpran algunha das seguintes finalidades:

a) A formación e a educación dos socios e traballadores da Caixa Rural nos principios e valores cooperativos ou en materias específicas da súa actividade societaria ou laboral e demais actividades cooperativas.

b) A difusión do cooperativismo, así como a promoción das relacións intercooperativas.

c) A promoción cultural, profesional e asistencial do ámbito local ou da comunidade en xeral, así como a mellora da calidade de vida e do desenvolvemento comunitario e as accións de protección ambiental.

d) A mellora do hábitat rural.

2. A Asemblea Xeral fixará as liñas básicas de aplicación do Fondo de Educación e Promoción.

Para o cumprimento dos fins do fondo poderase colaborar con outras sociedades,

entidades cooperativas e institucións públicas ou privadas e poderase achegar, total ou parcialmente, a súa dotación.

O informe de xestión recollerá con detalle as cantidades que se destinaron aos seus fins con cargo ao devandito fondo, coa indicación do labor realizado e, se é o caso, coa mención das sociedades ou entidades ás que se lles remitiron para o cumprimento dos devanditos fins.

O importe do Fondo de Educación e Promoción que non se aplicase deberá materializarse dentro do exercicio económico seguinte a aquel en que se efectuase a dotación, en títulos da débeda pública ou títulos de débeda pública emitidos polas comunidades autónomas, cuxos rendementos financeiros se aplicarán ao mesmo fin. Os devanditos depósitos ou títulos non poderán ser peñorados nin afectados a empréstitos ou contas de crédito.

3. Necesariamente, destinarase a este fondo o 10 %, como mínimo, do excedente dispoñible do exercicio, unha vez cubertas as perdas de exercicios anteriores, se as houberse.

4. O Fondo de Educación e Promoción é inembargable e irrepartible entre os seus socios, mesmo no caso de liquidación da cooperativa, e as súas dotacións deberán figurar no pasivo do balance con separación doutras partidas. Malia o anterior, a inembargabilidade do Fondo de Educación e Promoción non afectará os inmobles propiedade da entidade que estivesen destinados ás accións e servizos realizados con cargo ao devandito fondo e que constitúan unha aplicación deste.

Artigo 28. Determinación e aplicación dos resultados

Os resultados do exercicio económico da entidade determinaranse de acordo cos criterios esixibles pola normativa aplicable ás entidades de crédito.

O saldo acredor da conta de resultados do exercicio económico da entidade, determinados conforme ao indicado no parágrafo anterior e unha vez compensadas, se é o caso, as perdas de exercicios anteriores, constituirá o excedente neto do exercicio económico.

Tras deducir do devandito excedente neto os impostos esixibles e os xuros ao capital desembolsado, obterase o excedente dispoñible.

O excedente dispoñible, unha vez cumpridas as obrigas que eventualmente poidan derivar da cobertura do capital social obrigatorio ou do coeficiente de solvencia, será obxecto dos destinos e aplicacións previstos na lexislación vixente e nestes estatutos.

Os retornos, no suposto de que se acorde a súa distribución, distribuiranse entre os socios en proporción ás operacións de pasivo que cada un deles realizase coa

entidade durante o exercicio económico cuxo excedente é obxecto de distribución. A Asemblea Xeral concretará a aplicación do devandito criterio.

Artigo 29. Imputación de perdas

As perdas serán cubertas, ben cos beneficios dos tres exercicios seguintes á súa aparición, ben con cargo aos recursos propios da entidade. Neste segundo suposto, amortizaranse de conformidade co establecido nos artigos 12 a 14 do Real decreto 84/1993, polo que se aproba o Regulamento de cooperativas de crédito e no artigo 69 da Lei 5/1998 de cooperativas de Galicia.

Artigo 30. Peche do exercicio

O exercicio económico da entidade finalizará o 31 de decembro de cada ano.

Artigo 31. Contas anuais

O Consello Reitor, no prazo máximo de tres meses a partir do peche do exercicio económico, formulará as contas anuais, o informe de xestión e a proposta de distribución de excedentes.

A citada documentación someterase á primeira Asemblea Xeral Ordinaria que se celebre tras o peche do exercicio económico.

Artigo 32. Contabilidade

A contabilidade levarase conforme ao que estableza a lexislación aplicable ás entidades de crédito.

Capítulo IV. Representación e xestión da Caixa Rural

Artigo 33. Órganos sociais e dirección

Os órganos sociais desta Caixa Rural son por mandato legal:

- a) A Asemblea Xeral
- b) O Consello Reitor

Existirá, así mesmo, unha Dirección Xeral, coas funcións e atribucións previstas nestes estatutos e as conferidas na escritura de poder.

Artigo 34. A Asemblea Xeral: natureza e composición

A Asemblea Xeral, constituída polos socios ou representantes dos socios, é o órgano supremo de expresión da vontade social.

Todos os socios, mesmo os disidentes e os non asistentes, quedan sometidos aos acordos da Asemblea Xeral. Todo iso sen prexuízo do disposto na disposición derradeira primeira do Real decreto 84/1993 e no artigo 40 da Lei 5/98, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia.

A Asemblea Xeral celebrarase baixo o sistema de xuntas preparatorias. As referencias que se fan á Asemblea Xeral nos artigos seguintes enténdense realizadas, salvo cando se sinala expresamente outra cousa, á Asemblea Xeral de delegados elixidos nas xuntas preparatorias.

Artigo 35. Facultades da Asemblea

A Asemblea fixará a política xeral da cooperativa e poderá debater sobre calquera outro asunto de interese para esta, sempre que conste na orde do día, pero unicamente poderá tomar acordos obrigatorios en materias que non sexan competencia doutro órgano social de acordo coa Lei 5/98 de cooperativas de Galicia. En todo caso, será preceptivo o acordo da Asemblea para os seguintes actos:

- a) Exame da xestión social, aprobación das contas anuais, do informe de xestión e da aplicación dos excedentes dispoñibles ou imputación das perdas.
- b) Nomeamento e revogación, por votación secreta, dos membros do Consello Reitor, dos auditores de contas, dos liquidadores, así como sobre a contía da retribución dos conselleiros e dos liquidadores.
- c) Modificación dos estatutos e aprobación ou modificación, se é o caso, do regulamento da Caixa Rural.
- d) Aprobación e emisión de novas achegas, actualización do valor destas, fixación das correspondentes aos novos socios, establecemento de cotas de ingreso ou periódicas, así como o tipo de xuro para aboar as achegas ao capital social.
- e) Emisión de obrigas, títulos participativos, participacións especiais ou outras formas de financiamento mediante emisións de valores negociables.
- f) Fusión, escisión, transformación e disolución da sociedade.
- g) Toda decisión que supoña unha modificación substancial, segundo o artigo 39 destes estatutos, da estrutura económica, social, organizativa ou funcional da Caixa Rural.
- h) Constitución de cooperativas de segundo grao e de grupos cooperativos, ou incorporación a estes se xa están constituídos, participación noutras formas de colaboración económica considerada no artigo 131 da Lei 5/1998, do 18 de

decembro, de cooperativas de Galicia, adhesión a entidades de carácter representativo, así como a súa separación.

i) O exercicio da acción social de responsabilidade contra os membros do Consello Reitor, os auditores de contas e liquidadores.

j) Os derivados dunha norma legal ou estatutaria.

A Asemblea Xeral non poderá delegar a súa competencia sobre os actos en que o seu acordo sexa preceptivo en virtude de norma legal.

Artigo 36. Clases de Asemblea e convocatorias

A Asemblea Xeral reunirase:

a) Con carácter ordinario, dentro dos seis meses seguintes á data de peche de cada exercicio económico, co obxecto de examinar a xestión social, aprobar se procede as contas anuais e resolver sobre a distribución de excedentes ou, se é o caso, sobre a imputación de perdas, ao igual que para establecer a política xeral da Caixa Rural. Isto sen prexuízo de poder incluír na orde do día toda clase de asuntos relacionados co funcionamento da Caixa Rural e coa participación dos socios nas actividades sociais e empresariais desta.

É obriga do Consello Reitor convocar a Asemblea Xeral ordinaria. Se esta non fose convocada dentro do prazo legal, calquera socio, logo de requirimento por escrito ao Consello Reitor, pasados quince días, poderá solicitar da autoridade xudicial que ordene a convocatoria.

b) Con carácter extraordinario, sempre que o Consello Reitor, a iniciativa propia, considere conveniente a súa convocatoria, ou a petición de cincocentos socios ou do 10 % do total do censo societario, ou daqueles órganos de creación facultativa aos que estes estatutos lles atribúisen esta facultade.

Cando a petición de convocatoria de Asemblea Xeral extraordinaria se inste pola minoría de socios antedita, a solicitude deberá ir acompañada da orde do día desta, que en ningún caso poderá incidir naqueles asuntos que lle corresponden á Asemblea Xeral ordinaria. Se o requirimento de convocatoria non fose atendido polo Consello Reitor dentro do prazo de trinta días, os solicitantes poderán instala do Xulgado de Primeira Instancia do domicilio social da Caixa Rural.

A convocatoria da Asemblea Xeral ordinaria ou extraordinaria farase por escrito, mediante anuncio público no domicilio social da Caixa Rural Galega e en cada un dos centros nos que esta desenvolva a súa actividade. Remitiráselle a cada socio por correo ordinario ao domicilio que conste no Libro rexistro de socios e publicarase en dous xornais de gran difusión no ámbito da Caixa Rural.

A publicación e a notificación da convocatoria deberá efectuarse cunha antelación



mínima de quince días hábiles respecto da data prevista para a celebración da Asemblea e esta non poderá ser posterior en dous meses á da convocatoria.

No escrito de convocatoria expresárase con claridade e precisión a orde do día ou os asuntos que se vaian tratar, o lugar concreto, o día e a hora no que se reunirá a Asemblea en primeira e segunda convocatoria, entre as que deberá transcorrer polo menos media hora, e o carácter ordinario ou extraordinario desta.

En todo caso, os estados financeiros de cada exercicio e os demais documentos sobre os que a Asemblea deba decidir estarán á disposición exclusivamente dos socios no domicilio social da Caixa Rural Galega e nas principais oficinas operativas durante un prazo de quince días, do cal deberá informar necesariamente o escrito convocador.

c) Como Asemblea universal, malia o disposto nos puntos anteriores, a Asemblea Xeral quedará validamente constituída, sen necesidade de convocatoria previa, en calquera localidade e para tratar calquera asunto da súa competencia, e para isto han de estar presentes todos os socios da Caixa Rural Galega e estes deben aceptar por unanimidade a celebración da Asemblea e os asuntos que se vaian tratar nesta. Neste caso, a totalidade dos socios deberán asinar necesariamente a correspondente acta, que en todo caso deberá recoller o acordo para celebrar a Asemblea e a orde do día.

A orde do día da Asemblea Xeral ordinaria ou extraordinaria será fixada polo Consello Reitor, pero este deberá incluír os asuntos propostos, nun escrito dirixido a este por un número de socios que represente o 5 % do total censo social ou que alcance a cifra de cen deles e han de ser presentados antes de que finalice o cuarto día posterior ao da publicación da convocatoria. O Consello Reitor, neste caso, deberá facer público a nova orde do día, cunha antelación mínima de catro días ao da celebración da Asemblea, na mesma forma establecida para a convocatoria. En calquera caso, na orde do día incluírase necesariamente un punto que lles permita aos socios formular suxestións ou preguntas ao Consello Reitor relacionadas cos asuntos expresados na convocatoria.

A Asemblea Xeral que non teña carácter de universal celebrarase na localidade onde radique o domicilio social da cooperativa ou en calquera outro onde teña aberta oficina.

Artigo 37. Convocatoria e funcionamento da Asemblea Xeral

1. A convocatoria da Asemblea Xeral incluírá a das xuntas preparatorias, nas que se elixirán os representantes dos socios correspondentes a cada zona, e farase por escrito, mediante un anuncio publicado no domicilio social da entidade e en cada un dos centros nos que desenvolva a súa actividade. Así mesmo, publicarase en dous dos diarios de maior circulación no ámbito de actuación da Caixa Rural, cunha antelación de polo menos dez días hábiles respecto da celebración da primeira

Xunta Preparatoria. Tamén se lle remitirá a cada socio por correo ordinario ao domicilio que conste no Libro de rexistro de socios.

A convocatoria expresará o carácter ordinario ou extraordinario da Asemblea, a data e a hora da primeira e segunda convocatoria, entre as que mediarán polo menos trinta minutos, o lugar da reunión e os asuntos que compoñen a orde do día. A orde do día da Asemblea Xeral, ordinaria ou extraordinaria, será fixada polo Consello Reitor, pero este deberá incluír os asuntos propostos polos socios, nun escrito dirixido a este, cando concorran as circunstancias referidas no segundo parágrafo do punto C do artigo 36.

En todo caso, os estados financeiros de cada exercicio e os demais documentos sobre os que a Asemblea haxa de decidir estarán á disposición exclusiva do socio no domicilio social e na oficina da localidade onde se celebre a súa Xunta Preparatoria, do cal se informará no escrito convocador.

2. Entre a convocatoria da Asemblea e, se é o caso, a publicación desta, e a celebración da primeira Xunta Preparatoria, terán que mediar polo menos dez días hábiles, prazo en que estarán á disposición do socio os documentos indicados no parágrafo anterior. A data de celebración da Asemblea de delegados será polo menos dous días posterior á data para a que estivese convocada a última Xunta Preparatoria e antes de que transcorran dous meses dende a data do escrito convocador.

3. As xuntas preparatorias celebraranse en localidades onde exista oficina da Caixa Rural que agrupen polo menos cen socios domiciliados dentro do seu ámbito territorial. Para tales efectos considerárase o ámbito territorial dividido en zonas, en número non inferior a catro, nas que se agruparán os socios domiciliados en cada unha das zonas.

As persoas xurídicas, calquera que sexa o seu número, quedarán adscritas a unha ou máis xuntas específicas, que se celebrarán na localidade ou localidades que sinala o Consello Reitor para cada convocatoria de acordo cos principios do parágrafo seguinte.

O Consello Reitor, consonte as normas precedentes, determinará o número e o ámbito de influencia das devanditas zonas, así como a localidade en que se ha de constituír a Xunta Preparatoria, e será criterio para a fixación das zonas e das localidades a concentración de socios en áreas xeográficas determinadas que faciliten o exercicio do dereito ao voto, a existencia de infraestrutura axeitada e as facilidades de comunicación.

4. A) Para a válida constituición dunha Xunta Preparatoria, será precisa a concorrencia, en primeira convocatoria, do 10 % dos socios adscritos, entre presentes ou representados. En segunda convocatoria, será suficiente que concorra o 5 % dos socios. Non obstante, se o número de socios adscritos á zona fose inferior

a cen ou superior a cincocentos, abondará coa presenza dun mínimo de vinte e cinco.

B) Para os efectos da constitución, computaranse ata un máximo de dous socios representados por cada asistente directo e daráselles prioridade ás dúas primeiras representacións outorgadas atendendo á súa data.

5. Antes de entrar na orde do día, os asistentes elixirán un presidente e un secretario auxiliar da Xunta Preparatoria, a quen lle corresponde coa asistencia deste realizar o cómputo dos socios presentes ou representados e realizar a declaración, se procede, de que esta queda validamente constituída, para o que contará coa lista de asistentes que facilitarán dous interventores de lista cuxa función corresponderá aos dous primeiros socios que comparezan e se acrediten na Xunta Preparatoria e que non están incurso en impedimento legal para iso. A lista de asistentes xuntarase á acta asinada por todos eles.

As xuntas preparatorias estarán presididas por un socio elixido entre os asistentes e sempre serán informadas por escrito ou oralmente por un membro, polo menos, do Consello Reitor.

Unha vez debatidos os asuntos que compoñen a orde do día, os socios, adscritos á Xunta Preparatoria, que non poderán reservarse o dereito de asistir persoalmente a Asemblea Xeral, procederán, en votación secreta, á elección de entre eles de delegados. Nesta elección, aínda que sexan socios adscritos á Xunta Preparatoria, non intervirán nin como electores nin como elixibles os que ocupen cargos sociais, aínda que terán o dereito e a obriga de asistir á Asemblea Xeral con voz e voto.

Por cada cen socios ou fracción, presentes, elixirase un delegado e un suplente e resultarán proclamados os que obtivesen un maior número de delegacións de voto. O socio ou socios que non alcanzasen o número de delegacións necesarias para comparecer como delegados na forma anteriormente establecida, poderán cedérllelas a algún ou algúns dos que resultasen proclamados e, noutro caso, consideraranse perdidas as devanditas delegacións. Non poderán ser proclamados delegados os socios que desempeñen cargos sociais.

Como último punto da orde do día, aprobarase sempre a acta da sesión.

6. A Asemblea Xeral requirirá sempre, como mínimo, a celebración previa e efectiva de máis das tres cuartas partes do total das xuntas preparatorias determinadas conforme ao número tres e, para quedar constituída en primeira convocatoria, a asistencia de máis da metade dos delegados elixidos e dos socios que ocupen cargos na Caixa Rural. En segunda convocatoria, abondará coa asistencia de máis do 40 % do total dos delegados elixidos e dos cargos sociais, o que se recollerá expresamente na acta da sesión.

Na Asemblea Xeral exercitarán o voto os representantes elixidos nas xuntas

preparatorias, así como os cargos sociais.

Corresponderalle ao presidente da Caixa, ou a quen faga as súas veces, asistido polo secretario do Consello Reitor, realizar o cómputo dos delegados e socios asistentes que ocupan cargo social, e a declaración, se procede, de que a Asemblea queda validamente constituída, para o que contará coa lista de asistentes que facilitarán os interventores de lista, que unha vez asinada pola Mesa e polos interventores se incorporará ao correspondente Libro de actas.

A Asemblea será presidida polo presidente e, no seu defecto, polo vicepresidente do Consello Reitor e, en defecto de ambos, por quen elixa a Asemblea. Actuará de secretario o que o sexa do Consello ou quen o substitúa conforme a estes estatutos e, no seu defecto, quen elixa a Asemblea.

Correspóndelle ao presidente da Asemblea dirixir as deliberacións, manter a orde no desenvolvemento da Asemblea e velar polo cumprimento das formalidades esixidas pola lei.

As votacións serán secretas cando teñan por finalidade a elección ou a revogación dos membros do Consello Reitor e doutros órganos sociais, ou a adopción do acordo para exercitar a acción de responsabilidade contra estes, así como transixir ou renunciar ao exercicio da devandita acción. Adoptaranse tamén mediante votación secreta os acordos sobre calquera punto da orde do día cando así o solicite un 20 % dos socios que asistan persoalmente á reunión.

Serán nulos os acordos sobre os asuntos que non consten na orde do día, salvo nos supostos expresamente previstos para o efecto na lexislación vixente en cada momento.

Artigo 38. Dereito de voto

Cada socio ten un voto. Así mesmo, exercitará os votos dos seus representados de acordo cos límites e cos requisitos legais e estatutarios establecidos.

En todo caso, os límites de voto por socio non poderán superar os sinalados no artigo 9 en relación co artigo 7-3 da Lei de cooperativas de crédito.

Artigo 39. Adopción de acordos

Agás nos supostos expresamente previstos na normativa vixente, a Asemblea Xeral de delegados adoptará os acordos por máis da metade dos votos validamente expresados polos asistentes, e non serán computables para estes efectos os votos en branco ou as abstencións.

Será necesaria a maioría de dous terzos dos votos presentes e representados para adoptar acordos de modificación dos estatutos, fusión, escisión, disolución ou

cesións globais de activo e pasivo da entidade, aínda cando estas non comprendan as achegas ao capital social, nin os socios da entidade cedente adquiren tal condición na entidade adquirente polo feito da cesión, así como os demais supostos establecidos pola lei e en especial para emitir obrigas ou outros valores. Tamén se precisará a devandita maioría para acordar o cesamento ou a revogación dos membros do Consello Reitor ou para adoptar calquera decisión sobre modificacións patrimoniais, financeiras, organizativas ou de funcionamento da Caixa Rural, sempre que estas tivesen carácter esencial.

Entenderase que teñen carácter substancial aquelas modificacións que afecten o 25 % dos activos totais da entidade.

Artigo 40. Representación

Todo socio pode facerse representar na súa Xunta Preparatoria por calquera outro socio adscrito a esta, que exercerá por delegación os votos que lle correspondan ao seu representado, coas seguintes limitacións:

- a) A delegación deberá facerse por escrito antes do día da celebración da Xunta Preparatoria e despois de que se publique a convocatoria da sesión asemblearia.
- b) A delegación será sempre nominativa e revogable.
- c) Ningún socio poderá recibir votos por delegación que, sumados aos que lle corresponden, superen os límites de voto sinalados nos presentes estatutos e na Lei 13/1989 de cooperativas de crédito.

A delegación de voto só poderá facerse para unha Xunta Preparatoria concreta e corresponderalle ao presidente da Xunta, asistido dos interventores de lista, decidir sobre a idoneidade do escrito que acredite a representación, que deberá ir suscrito polo delegante.

Non poderán representar outros os socios que estivesen sancionados ou en situación de conflito de intereses.

Os socios que ocupen cargos sociais, que accederán directamente á Asemblea de delegados, unicamente poderán representarse nela entre si. En ningún caso procederá a representación dos delegados, nin sequera a favor doutro delegado.

Artículo 41. Actas das xuntas preparatorias e da Asemblea Xeral de delegados

Ao termo de cada Xunta Preparatoria, aprobarase necesariamente a acta da sesión, na que se recollerá o lugar e a data na que se celebrou a Xunta, a relación de asistentes, se se celebraron en primeira ou segunda convocatoria, as intervencións cuxa constancia se solicitase, o nome dos delegados e o número de delegacións de voto conferidas a cada un. A certificación da acta, asinada polo presidente e polo

secretario da Xunta, acreditará os delegados ante a Asemblea Xeral correspondente e transcribirase ao Libro de actas de xuntas preparatorias.

Da Asemblea Xeral de delegados levantarase acta da sesión, que deberá expresar o lugar, a data e a hora das deliberacións da Asemblea Xeral; a relación de delegados e dos titulares de cargos sociais co número de votos duns e doutros, salvo que esta figure nun anexo dilixenciado ou en soporte informático, de acordo coa normativa do Rexistro Mercantil; o feito de se se celebra en primeira ou en segunda convocatoria; a orde do día da sesión e un resumo dos asuntos debatidos; as intervencións das que se solicitase constancia; os acordos adoptados e os resultados, se é o caso, das votacións.

A acta poderá ser aprobada pola propia Asemblea Xeral e, no seu defecto, deberá selo, dentro do prazo de quince días, polo presidente e por tres socios que haberán de ser designados para o efecto pola mesma Asemblea, que a asinarán xunto co secretario.

Artigo 42. Impugnación de acordos da Asemblea Xeral

Poderán ser impugnados, segundo o procedemento e nos prazos establecidos pola lexislación vixente, os acordos da Asemblea Xeral que sexan contrarios á lei, que se opoñan aos estatutos sociais ou que lesionen os intereses da cooperativa en beneficio dun ou varios socios.

Artigo 43. O Consello Reitor. Natureza, competencia e representación

O Consello Reitor é o órgano colexiado de goberno, xestión e representación da Caixa Rural e correspóndelle, polo menos, a alta xestión, a supervisión dos directivos e a representación da sociedade cooperativa. As súas facultades representativas esténdense a todos os actos relacionados coas actividades que integran o obxecto social. É competente para establecer as directrices xerais de actuación e para exercer as facultades que non estean reservadas por lei, ou por estes estatutos, a outros órganos sociais. A súa actuación desenvolverase con suxeición á lei, a estes estatutos e á política xeral fixada pola Asemblea Xeral.

O Consello Reitor poderá conferir apoderamentos e revogalos e, en especial, nomear e revogar o director xeral, como apoderado principal da Caixa Rural. As facultades de dirección, de xestión e de representación que se confiran estableceranse na escritura de poder.

Artigo 44. Composición do Consello Reitor

O Consello Reitor da Caixa Rural Galega componse de doce membros titulares, representativos dos socios: presidente, vicepresidente, secretario e nove vogais, que serán elixidos de entre os socios pola Asemblea Xeral, en votación secreta e polo maior número de votos. E o representante dos traballadores designado, se é o

caso, que será elixido e revogado polo comité de empresa de entre os traballadores da entidade con contrato indefinido e que non fosen empregados en activo, por calquera título, doutra empresa, polo mesmo período de mandato que o resto dos conselleiros e formará parte do Consello como vogal número dez. No suposto de que existan varios comités de empresa, será elixido polos traballadores fixos.

Ademais, a Asemblea Xeral, en votación secreta e polo maior número de votos, elixirá tres membros suplentes, que substituirán os membros titulares, agás o membro traballador da entidade expresado no parágrafo anterior, no suposto de producirse vacantes definitivas.

Os dereitos, obrigas e situacións de conflito do conselleiro laboral e dos demais conselleiros serán os que resulten destes estatutos e, se é o caso, do regulamento interno.

Poderán ser elixidos conselleiros os socios da Caixa Rural que sexan persoas físicas. Cando o elixido sexa unha persoa xurídica, será conselleiro o seu representante legal ou a persoa física que pertenza por calquera título a este e que sexa designado para cada elección. O elixido actuará coma se fose conselleiro no seu propio nome e cando perda a condición que tiña na persoa xurídica cesará tamén como conselleiro da Caixa Rural Galega.

Todos os conselleiros han de ter a plenitude dos seus dereitos societarios e ser persoas de recoñecida honorabilidade comercial e profesional. Concorrerá honorabilidade comercial e profesional en quen presente unha traxectoria persoal de respecto ás leis mercantís ou a outras que regulan a actividade económica e a vida dos negocios, así como ás boas prácticas comerciais, financeiras e bancarias. En todo caso, entenderase que carecen de honorabilidade as persoas que, en España ou no estranxeiro, teñan antecedentes penais por delitos dolosos, as que estean inhabilitadas para exercer cargos públicos ou de administración ou de dirección de entidades financeiras, ou que estean inhabilitadas conforme á Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, mentres non conclúese o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, e as quebradas e concursadas non rehabilitadas en procedementos concursais anteriores á entrada en vigor da referida lei. Estes requisitos tamén son aplicables ao conselleiro representante dos traballadores.

Os conselleiros serán persoas de recoñecida honorabilidade comercial e profesional, han de posuír coñecementos e experiencia axeitados para exercer as súas funcións e estarán en disposición de exercer un bo goberno da entidade. Os requisitos de honorabilidade, coñecemento e experiencia haberán de ser os establecidos na normativa legal aplicable ás cooperativas de crédito.

Artigo 45. Forma de elección pola Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral elixirá os membros do Consello Reitor e designará directamente

as persoas que haberán de exercer os cargos de presidente, vicepresidente, secretario, vogais correlativos e suplentes.

O Consello Reitor renovarase, por metade, cada dous anos. Na primeira renovación serán elixidos o vicepresidente, o secretario e os vogais con número par. Na segunda renovación, dous anos despois, o presidente e os vogais de numeración impar, así como os suplentes.

Poderán propoñer candidaturas para elixir ou renovar o Consello Reitor tanto este coma un número de socios que sexa igual ou superior á metade dalgunha das minorías lexitimadas para instar a convocatoria da Asemblea Xeral extraordinaria, ou ao triplo do cociente resultante de dividir a cifra do capital social expresada en miles de euros, segundo o último balance auditado, polo número total de conselleiros titulares. Cada propoñente só poderá presentar unha candidatura.

Nas propostas de candidatura que formule o Consello Reitor e a súa validación non tomará parte o conselleiro laboral.

As candidaturas serán polo sistema de listas pechadas e nelas expresaranse os nomes, os apelidos, o lugar de residencia e o documento nacional de identidade, a designación de candidatos para cada un dos cargos vacantes, os membros suplentes, se é o caso, e a declaración de cumprir, todos eles, cos requisitos establecidos na Lei 13/1989, do 26 de maio, de cooperativas de crédito e no Real decreto 84/1993, do 22 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do seu desenvolvemento.

As candidaturas deberán ser presentadas ante o Consello Reitor no domicilio social da Caixa Rural, e deben figurar, se é o caso, a identificación e a sinatura, debidamente verificada a súa suficiencia polo secretario do Consello Reitor ou, no seu defecto, lexitimada notarialmente, dos socios que as propoñen. As candidaturas presentaranse cunha antelación mínima de tres días naturais a aquel en que deba efectuarse a elección.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de candidaturas, o Consello Reitor confeccionará as listas definitivas nas que se recollerán todas as candidaturas propostas que cumpran os requisitos legais e estatutarios e exporaaas no taboleiro de anuncios da Caixa Rural.

As posibles reclamacións sobre a validez das candidaturas presentadas serán resoltas pola Asemblea Xeral na que se estableza a elección de cargos, ao comezo do punto da orde de día relativa a ela.

Nos casos de falecemento ou incapacidade sobrevida de candidatos, poderase solicitar a inclusión de novos candidatos ata o momento da confección das candidaturas definitivas polo Consello Reitor. Tamén se poderán designar, na candidatura, suplentes para cubrir tal eventualidade.

A Caixa Rural imprimirá as papeletas de voto, únicas válidas, nas que figurarán as candidaturas proclamadas. Igualmente, facilitaranse papeletas en branco. Todas as papeletas serán de igual tamaño e serán confeccionadas de forma que non leven signos distintivos, ou doutra natureza, que poidan influír na liberdade de voto dos socios e no carácter secreto do voto.

Ao entrar no punto da orde do día da Asemblea Xeral, correspondente á elección dos membros do Consello Reitor, procederase a lles dar lectura ás candidaturas presentadas, e resolveranse previamente as reclamacións que se formulasen sobre a validez. A elección farase mediante votación secreta e resultará elixida a candidatura que obtivese o maior número de votos.

A Asemblea Xeral, de acordo coas normas legais e coas establecidas nestes estatutos, poderá en cada caso establecer os procedementos e resolver as cuestións, nos límites estritamente necesarios, que permitan o normal desenvolvemento do proceso electoral.

Nas xuntas preparatorias facilitarase unha relación das candidaturas presentadas.

O nomeamento deberá inscribirse no Rexistro de Altos Cargos no Banco de España, no Rexistro de Cooperativas que corresponda e no Rexistro Mercantil. A toma de posesión nos seus cargos por parte dos elixidos efectuarase no prazo indicado no artigo 28.2 do Regulamento de cooperativas de crédito.

Artigo 46. Duración, cesamento e retribución de cargos no Consello Reitor

Os conselleiros serán elixidos por un período de catro anos e poderán ser reelixidos. O nomeamento dos conselleiros producirá efectos dende a súa aceptación. Os conselleiros que esgotasen o prazo para o cal foron elixidos continuarán ocupando os seus cargos ata o momento en que se produza a aceptación dos que os substitúan.

O desempeño dos postos de Consello Reitor é obrigatorio, salvo xusta causa. A renuncia dos conselleiros poderá ser aceptada polo Consello Reitor ou pola Asemblea Xeral.

Os conselleiros cesarán polas causas previstas na lei e nos estatutos e poderán ser destituídos por acordo da Asemblea Xeral, pola maioría favorable non inferior aos 2/3 dos votos presentes ou representados, sen que constase na orde do día. Noutro caso, será necesario o voto favorable de como mínimo a metade máis un dos votos totais da entidade. No caso de que o conselleiro incorra nalguna das prohibicións establecidas na lei, ou se atope afectado por algunha incapacidade ou incompatibilidade legal ou estatutaria, será inmediatamente destituído a petición de calquera socio. No suposto de incompatibilidade entre cargos, o afectado deberá optar por un deles no prazo de cinco días dende a elección para o segundo cargo e,

se non o fixese, será nula a segunda designación.

O conselleiro representante dos traballadores asalariados só poderá ser revogado polos seus representados, sen prexuízo da posible acción de responsabilidade que poida exercitarse contra este.

Cando se produza algunha vacante definitiva dalgún membro titular do Consello Reitor, a dita vacante será ocupada, con carácter inmediato, polo primeiro dos suplentes elixidos, que o será polo tempo que lle restase ao substituído, agás aos cargos de presidente e vicepresidente, que deberán ser elixidos necesariamente pola Asemblea Xeral. Mentres estea vacante o cargo de presidente, e en tanto non se proceda a elixir un substituto, as súas funcións serán asumidas polo vicepresidente, sen prexuízo das substitucións que procedan en caso de imposibilidade ou contraposición de intereses.

Se, simultaneamente, quedasen vacantes os cargos de presidente e vicepresidente, ou se quedase un número de membros do Consello Reitor insuficiente para constituír validamente este, as funcións do presidente serán asumidas polo conselleiro elixido entre os que quedasen. A Asemblea Xeral, nun prazo máximo de quince días, deberá ser convocada para os efectos de cubrir as vacantes que se introduzisen. Esta convocatoria poderá acordala o Consello Reitor aínda que se constituía, como excepción, con menos membros dos establecidos nestes estatutos.

Os membros do Consello Reitor serán remunerados na forma e sistemas que estableza a Asemblea Xeral. En calquera caso, os membros do Consello Reitor serán compensados dos gastos que orixine a súa función.

Artigo 47. Funcionamento do Consello Reitor

O Consello Reitor deberá reunirse, polo menos, unha vez ao mes, en sesión ordinaria, e sempre que o convoque o seu presidente, a iniciativa propia ou a petición de polo menos dous conselleiros ou do director xeral. A convocatoria realizarase por escrito, con expresión da orde do día. Se a solicitude non fose atendida, no prazo de dez días, o Consello Reitor poderá ser convocado por quen fixese a petición, sempre que logre para a súa convocatoria a adhesión de, polo menos, un terzo de membros do Consello Reitor. Non será necesaria a convocatoria cando estean presentes todos os conselleiros e estes decidan, por unanimidade, a celebración do Consello Reitor.

O Consello Reitor, logo de convocatoria, quedará validamente constituído cando concorran persoalmente á reunión máis da metade dos seus compoñentes.

É obrigatoria, salvo causa xustificada, a asistencia dos membros do Consello Reitor a todas as sesións ás que fosen convocados. Os conselleiros non poderán facerse representar.

Poderán convocarse ás reunións, sen dereito a voto, o director xeral, empregados da entidade e outras persoas cuxa presenza se entenda necesaria.

Os acordos adoptaranse por máis da metade dos votos validamente expresados, agás nos supostos expresamente establecidos pola lei, polo Regulamento de cooperativas de crédito e por estes estatutos.

Cada conselleiro terá un voto. O voto do presidente dirimirá os empates.

As deliberacións e acordos do Consello Reitor terán carácter secreto, e considerarase infracción moi grave e causa de cesamento o seu quebrantamento, sen prexuízo das responsabilidades doutra orde que puidesen proceder. A obriga de gardar segredo é permanente, polo que seguirá vixente mesmo despois de que se produza o cesamento, por calquera causa, do conselleiro.

Dos acordos do Consello Reitor levantará acta o secretario, que será asinada polo presidente e polo secretario, e recollerá os debates en forma sucinta e o texto dos acordos, así como o resultado das votacións.

A execución dos acordos, cando non se tome outra decisión, será competencia do presidente, en nome e representación do Consello Reitor.

En caso de ausencia, enfermidade ou imposibilidade, o presidente será substituído polo vicepresidente e polo secretario polo vogal primeiro e, no seu defecto, o vogal segundo substituirá a calquera destes tres últimos cargos.

A responsabilidade dos conselleiros rexeráse polo disposto para os administradores das sociedades anónimas.

A acción de responsabilidade contra os membros do Consello Reitor poderá ser exercida pola Caixa Rural mediante acordo da Asemblea Xeral adoptado por máis da metade dos votos presentes e representados, aínda que o asunto non conste na orde do día.

Artigo 48. Conflito de intereses

Non serán válidos os contratos concertados nin as obrigas asumidas por parte da Caixa Rural que non estean comprendidos na prestación dos servizos financeiros propios do obxecto social desta e feitos en favor dos membros do Consello Reitor ou da Dirección, ou dos seus parentes ata o segundo grao de consanguinidade ou de afinidade, se non recae autorización previa da Asemblea Xeral, na que as persoas nas que conorra a situación de conflito de intereses non poderán tomar parte na votación. A autorización da Asemblea non será necesaria cando se trate das relacións propias da condición de socio.

Os acordos do Consello Reitor ou da Comisión Executiva sobre operacións ou

servizos cooperativizados en favor de membros do Consello Reitor, da Comisión Executiva, da Dirección Xeral ou de calquera parente deles, dentro dos límites sinalados no punto anterior, adoptaranse necesariamente mediante votación secreta, logo da inclusión do asunto na orde do día, coa debida claridade, e por maioría non inferior a dous terzos do total de conselleiros.

Se o beneficiario das operacións ou servizos fose un conselleiro, ou un parente seu dos indicados antes, aquel considerárase en conflito de intereses e non poderá participar na votación.

Unha vez realizada a votación secreta e proclamado o resultado, será válido facer constar na acta as reservas ou as discrepancias correspondentes respecto ao acordo adoptado.

O disposto nos parágrafos anteriores será tamén de aplicación cando se trate de constituír, suspender, modificar, facer novación ou extinguir obrigas ou dereitos da cooperativa con entidades nas que aqueles cargos ou os seus mencionados familiares sexan patróns, conselleiros, administradores, altos directivos, asesores ou membros de base cunha participación dun capital igual ou superior ao 5 %.

Artigo 49. A Comisión Executiva

O Consello Reitor, sen prexuízo dos apoderamentos que lle poida conferir a calquera persoa, poderá delegar de forma temporal ou permanente unha parte das súas atribucións e facultades nunha Comisión Executiva, e determinará a súa composición e funcións. Desta formarán parte o presidente e polo menos dous conselleiros que reúnan os requisitos de coñecementos e experiencia adecuados para exercer as súas funcións, nos termos establecidos na Lei 13/1989, do 26 de maio de 1989, de cooperativas de crédito e no Real decreto 84/1993, do 22 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da indicada lei.

En todo caso, a delegación de facultades na Comisión Executiva requirirá o voto favorable dos dous terzos dos compoñentes do Consello Reitor e, no acordo que para tal efecto se poida adoptar, deberán indicarse as facultades que se delegan e as persoas que han de integrar a Comisión Executiva.

O Consello Reitor non poderá delegar, nin con carácter temporal, o conxunto das súas facultades, nin aquelas que por imperativo legal resulten indelegables.

As facultades delegadas só poderán comprender o tráfico empresarial ordinario da cooperativa e, en todo caso, o Consello Reitor conservará o carácter exclusivo das seguintes facultades:

- a) Fixar as directrices xerais de xestión.
- b) Controlar permanentemente o exercicio das facultades delegadas.

c) Presentar á Asemblea Xeral ordinaria as contas anuais do exercicio, o informe de xestión e a proposta de distribución de excedentes ou de imputación de perdas.

En calquera caso, o Consello Reitor continuará sendo competente respecto das facultades delegadas e responsable ante a cooperativa, os socios, os acredores e os terceiros da xestión levada a cabo pola Comisión Executiva. O membro do Consello contrario ao acordo de delegación poderá dimitir do cargo xustificadamente.

A Comisión Executiva deberá reunirse, polo menos, unha vez ao mes, en sesión ordinaria, e sempre que a convoque o seu presidente, a iniciativa propia ou a petición de calquera membro. Non é precisa a convocatoria por escrito, nin o establecemento previo da orde do día. Non será necesaria a convocatoria cando estean presentes todos os membros e estes decidan, por unanimidade, a celebración da Comisión Executiva.

A Comisión Executiva, logo de convocatoria, quedará validamente constituída, cando concorran persoalmente á reunión máis da metade dos seus compoñentes.

É obrigatoria, salvo causa xustificada, a asistencia dos membros da Comisión Executiva a todas as sesións ás que fosen convocados. Os membros da Comisión Executiva non poderán facerse representar.

Poderán convocarse ás reunións, sen dereito a voto, o director xeral, empregados da entidade e outras persoas cuxa presenza se entenda necesaria.

Os acordos adoptaranse por máis da metade dos votos validamente expresados.

Cada membro da Comisión Executiva terá un voto. O voto do presidente dirimirá os empates.

As deliberacións e os acordos da Comisión Executiva terán carácter secreto. Considerarase infracción moi grave e causa de cesamento o seu quebrantamento, sen prexuízo das responsabilidades doutra orde que puidesen proceder.

Levarase un Libro de actas da devandita Comisión Executiva e os acordos desta serán impugnables con base nas mesmas causas e polos suxeitos lexitimados que se sinalen na lexislación vixente con relación á impugnación dos acordos do Consello Reitor.

O Consello Reitor poderá crear outros órganos facultativos, coa composición e funcións que determine.

Artigo 50. O presidente

O presidente do Consello Reitor serao tamén da Caixa Rural Galega e exercerá a

representación legal da entidade, sen prexuízo de incorrer en responsabilidade se a súa actuación non se axusta aos acordos da Asemblea Xeral e do Consello Reitor.

En consecuencia, correspóndelle ao presidente:

a) Representar a Caixa Rural, xudicial e extraxudicialmente, en toda clase de actos, negocios xurídicos, contratos e no exercicio de todo tipo de accións e excepcións. Poderá delegar en terceiras persoas logo de acordo do Consello Reitor.

b) Convocar e presidir as sesións e as reunións dos órganos sociais dos que forme parte, dirixir a discusión e coidar de que non se produzan desviacións ou de que se sometan á decisión da Asemblea cuestións non incluídas na orde do día.

c) Vixiar e procurar que se cumpran os acordos dos órganos sociais.

d) A sinatura social e, en particular, asinar co secretario as actas das sesións e as certificacións que se expidan con referencia aos documentos sociais.

e) Executar os acordos que puidesen adoptar os órganos sociais da Caixa Rural, salvo decisión en contrario.

f) Adoptar en casos de gravidade as medidas urxentes que razoablemente estime precisas, do que dará conta inmediatamente ao Consello Reitor quen resolverá sobre a procedencia da súa ratificación, salvo que o tema afecte a competencia da Asemblea. Neste caso, só poderá adoptar as mínimas medidas provisionais e deberá convocar inmediatamente a Asemblea Xeral para que esta resolva definitivamente sobre estas.

g) Calquera outra derivada da representación que exerce.

Artigo 51. O vicepresidente

Correspóndelle ao vicepresidente substituír o presidente en caso de ausencia, enfermidade ou imposibilidade deste, ao igual que no suposto a que se refire o artigo 46 dos presentes estatutos, e asumir as funcións que este lle delegase.

Artigo 52. O secretario

Correspóndelle ao secretario:

a) Levar e custodiar o Libro de rexistro de socios e o Libro de achegas ao capital social, así como os de actas da Asemblea Xeral, do Consello Reitor e, se é o caso, dos órganos deliberantes dos que forme parte.

b) Redactar a acta de cada sesión na que se relacionará, polo menos, o lugar, a data e a hora das deliberacións, o número de asistentes e de representados, se se

celebra en primeira ou en segunda convocatoria, un resumo dos asuntos debatidos, as intervencións das que se solicitase constancia na acta, os acordos adoptados e os resultados das votacións.

A acta da Asemblea Xeral poderá ser aprobada a continuación de celebrarse esta e, no seu defecto, haberá de selo no prazo de quince días polo presidente e tres socios designados nesta Asemblea, que a asinarán xunto co secretario.

c) Librar certificacións autorizadas pola sinatura do presidente, con referencia, se é o caso, aos libros e documentos sociais.

d) Calquera outra función derivada do seu cargo.

Artigo 53. Dirección Xeral, nomeamento e atribucións

A Caixa Rural Galega está obrigada a contar cun ou máis directores xerais, que serán designados polo Consello Reitor entre persoas que reúnan as condicións de capacidade, preparación técnica e experiencia suficiente para desenvolver as funcións propias do devandito cargo.

As atribucións da Dirección Xeral estenderanse aos asuntos pertencentes ao xiro ou tráfico empresarial ordinario da Caixa Rural Galega. Desenvolverá cantas facultades e funcións lle fosen encomendadas, que en todo caso deberán enunciarse na correspondente escritura pública de apoderamento, e realizará cantos actos interesan a esta Caixa Rural, no marco das directrices que se lle sinalasen e dentro dos poderes conferidos.

Os directores xerais, no suposto de que fosen varios, actuarán individualizadamente, conforme ás facultades do seu respectivo apoderamento.

En ningún caso se lle poderán outorgar á Dirección as facultades do Consello que tivesen carácter indelegable, en especial as de:

a) Fixar as directrices xerais de actuación na xestión da cooperativa, con suxeición á política establecida na Asemblea Xeral.

b) O control permanente e directo da xestión empresarial.

c) Presentar á Asemblea Xeral a rendición de contas, a proposta de imputación e asignación de resultados e a memoria explicativa de cada exercicio económico.

d) Solicitar a suspensión de pagamentos ou a quebra, se é o caso.

En todo caso, a Dirección poderá solicitarlle ao presidente a convocatoria do Consello Reitor e estará facultado para decidir sobre a realización de operacións con terceiros, dentro dos límites establecidos en cada momento pola normativa en vigor.

Artigo 54. Incompatibilidades e prohibicións para o exercicio da Dirección Xeral

Ao director xeral ou directores xerais aféctanlles as mesmas incompatibilidades e prohibicións legalmente establecidas para os membros do Consello Reitor, ademais das propias do seu cargo.

En todo caso, e en razón da dedicación exclusiva que lle é esixible, non poderá desempeñar ao mesmo tempo un cargo igual ou outro equivalente en calquera outra cooperativa ou sociedade mercantil.

A persoa ou persoas designadas para ocupar os postos de directores xerais deberán quedar inscritas, con anterioridade ao inicio das súas funcións, no Rexistro de Altos Cargos de Cooperativas de Crédito no Banco de España, sen prexuízo da súa posterior inscrición no Rexistro Mercantil e no Rexistro de Cooperativas.

Artigo 55. Dos deberes da Dirección Xeral

A Dirección Xeneral terá os deberes que dimanen do contrato e das directrices xerais de actuación establecidas polo Consello Reitor. Trimestralmente, polo menos, presentaralle ao Consello Reitor un informe sobre a situación económica e social da Caixa Rural.

Dentro dos dous meses inmediatamente seguintes ao peche do exercicio social, deberá presentarlle ao Consello Reitor, para o seu informe e posterior consideración pola Asemblea, a memoria explicativa da xestión da empresa e as contas anuais.

Deberá comunicarlle ao presidente da Caixa Rural, sen demora ningunha, todo asunto que, ao seu xuízo, requira a convocatoria do Consello Reitor ou da Asemblea Xeral ou que, pola súa importancia, deba ser coñecido por aquel.

O director xeral deberá realizar as súas funcións coa dilixencia dun ordenado xestor e dun leal representante.

Capítulo V. Documentación económico-social

Artigo 56. Libros corporativos e contables

A Caixa Rural levará, en orde e ao día, os seguintes libros:

- a) Libro rexistro de socios

- b) Libro rexistro de achegas ao capital social
- c) Libro de actas da Asemblea Xeral, do Consello Reitor, da Comisión Executiva e das Xuntas Preparatorias
- d) Calquera outro que esixa disposicións que lle sexan aplicables.

Artigo 57. Auditoría externa

As contas anuais e o informe de xestión deberán ser auditadas de acordo co establecido na lexislación vixente.

Corresponderalle á Asemblea Xeral o nomeamento e a revogación dos auditores de contas.

Capítulo VI. Disolución e liquidación da Caixa Rural. Extinción

Artigo 58. Disolución da Caixa

1. A entidade quedará disolta e entrará en liquidación, salvo nos supostos de fusión ou escisión, por calquera das seguintes causas:

- a) Por acordo da Asemblea Xeral.
- b) Pola paralización dos órganos sociais ou da actividade cooperativizada durante o prazo máximo establecido legalmente, sen causa xustificada, de modo que imposibilite o seu funcionamento.
- c) Pola redución dos recursos propios, en particular do capital social, por debaixo dos mínimos establecidos legal ou regulamentariamente, sen que se restablezan en prazo.
- d) Pola imposibilidade de cumprir co seu obxecto social.
- e) Pola fusión por creación dunha nova entidade, absorción, escisión total ou cesión global de activos e pasivos.
- f) Por calquera outra causa establecida na lei.

2. O acordo da Asemblea que teña por obxecto constatar a concorrencia das causas sinaladas nas letras b), c), d) ou f) adoptarase cunha maioría non inferior á maioría simple dos votos presentes e representados. Nos demais casos, estarase ao disposto no segundo parágrafo do artigo 39 destes estatutos.

3. A convocatoria de toda Asemblea que teña por obxecto a aprobación dun proxecto de fusión ou escisión, ademais de cumprir os requisitos xenéricos fixados nestes estatutos, deberá cumprir os requisitos establecidos na normativa aplicable.



4. O socio desconforme cun proceso de fusión, tanto o non asistente á reunión da Asemblea, como o disidente co acordo adoptado, terá dereito de separación e as súas achegas serán liquidadas e reintegradas consonte a regulación estatutaria da baixa obrigatoria, para o que se tomará como data de efectos da baixa a da inscrición da fusión no Rexistro de Cooperativas, que tamén determinará o inicio do prazo para proceder a efectuar o cálculo do importe que se ha retornar das súas achegas ao capital social.

Artigo 59. Liquidación da Caixa

1. Unha vez cumpridas as formalidades legais esixidas, abriase o período de liquidación e, durante este, a entidade conservará a súa personalidade xurídica, no que se engadirá á súa denominación a mención “en liquidación”.

2. A Asemblea Xeral procederá ao nomeamento de tres socios liquidadores, entre os socios da Caixa Rural, mediante votación secreta e polo maior número de votos, que non poderán ser membros do último Consello Reitor.

3. Os liquidadores exercerán as funcións previstas na lexislación cooperativa de aplicación, se ben terán en conta as especialidades do Fondo de Educación e Promoción materializado en inmobles, que se poderá destinar á cobertura de perdas.

4. Na adxudicación do ben social seguirase o procedemento previsto na normativa aplicable sobre a materia.

Artigo 60. Extinción

Unha vez adoptados pola Asemblea os acordos que procedan, os liquidadores outorgarán á finalización do proceso a escritura pública de extinción da sociedade e solicitarán a súa inscrición rexistral.